



**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Moaña e unha pequena franxa ao leste en Vilaboa. Parroquias: San Pedro Domaio en Moaña, e San Adrán de Cobres en Vilaboa. Extensión: 4,94 km<sup>2</sup>.



## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de fronte costeira moi modificada polas obras portuarias aínda que conserva tramos de acantilados baixos e pequenas áreas sedimentarias a xeito de praias de area, especialmente na súa parte central ao redor da Enseada de San Pedro onde desaugan as principais correntes fluviais. A vertente presenta un tramo inferior de fondo case plano na desembocadura dos ríos Miño e da Freixa, e unha pendente traseira regular que aumenta progresivamente. Pola súa banda, as vertentes das aliñacións montañosas laterais contrastan con este sector central debido aos fortes desniveis e á diferente natureza litolóxica do substrato, que configurou un relevo ondulado propio do modelado granítico.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A grande unidade litolóxica que caracteriza esta zona é a dos materiais metamórficos, aínda que se atopa establecida entre dúas bandas de granitos de feldespato alcalino a ambos os dous lados, aínda que a banda do leste ten maior representación dentro da unidade de Domaio. Os mencionados materiais metamórficos son na súa maioría gneises de biotita, aínda que ao sueste tamén abundan os paragneises con plaxioclasa e biotita e micaxistos. Non obstante, cara á liña de costa, na Enseada de Mouro, aparece unha estreita franxa de depósitos coluvio-eluviais, culminada con áreas de praia.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual que supera os 14° C e precipitacións acumuladas durante o ano de 1200 mm a 1400 mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Húmido cunha variante Moi Húmida na cabeceira da unidade onde se estima unha precipitación media anual entre 1400 mm e 1600 mm.

#### OS SOLOS

Liña de costa moi transformada con solos do tipo antrosol derivados da presión urbanística e industrial, e algún enclave de fluvisols arénicos e arenosoles relacionados cos procesos de sedimentación fluvio-mariña especialmente na pequena enseada de Domaio. A suave pendente da parte baixa do val favorece a formación dos solos máis profundos e evolucionados da unidade, fundamentalmente cambisols dístrico-úmbricos de aptitude agropecuaria. Cara á cabeceira, aumentan os desniveis e o relevo faise máis irregular cun incremento da dinámica erosiva que dificulta a edafoxénese, e así os solos son cada vez máis pobres e esqueléticos pasando de umbrisols dístricos de ladeira a regosoles e leptosoles líticos nos montes laterais.


#### AS AUGAS

Os ríos da Freixa, que desembocan no Porto de Domaio, e o río Miño, algo máis ao oeste, que desemboca na Enseada do Mouro logo de recibir a achega fluvial do seu afluente principal, o río Libón, constitúen os eixes centrais da rede hidrográfica da unidade, articulada baseándose nunha ampla chaira costeira. As Augas Costeiras correspóndense co código 20158.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Liña de costa e mar pertence ao LIC Enseada de San Simón. Unidade moi condicionada polo ser humano, tanto na fronte costeira como na vertente traseira. As fronte acantiladas non desenvolven ben o hábitat 1230, cantís mariños atlánticos, pola presión dos eucaliptais. Tampouco as praias conteñen áreas dunares e, as poucas que existían, foron destruídas. Si se poden anotar como hábitats de interese os 1140 e 1110 de bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais superficiais. Na chaira e vertente baixa costeiras, os arroios non forman masas ripícolas consistentes. Todo o máis é posible ver masas moi pequenas, mixtas e enlazadas con algúns rodais de frondosas en proceso de recolonización. Nas elevacións da parte norte da unidade aparecen afloramentos de rocha que achegan o ambiente do grupo 82 de hábitats, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, aínda que os densos eucaliptais tenderán a cubrilos e degradar o ambiente, como xa eliminaron o de breixeiros secos europeos (4030).

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Predominio do uso agrícola na primeira banda máis próxima ao litoral, cunha superficie aproximada de 125 Ha, na que o relevo presenta as menores pendentes da unidade. A continuidade que presentaba tradicionalmente a devandita explotación agraria vese hoxe en día fortemente interrompida polos fenómenos residenciais dispersos que son especialmente intensos na súa fronte costeira meridional e cara ao interior do extremo máis setentrional. Tras este ámbito, unha franxa concéntrica de bosques de repoboación para explotación forestal sobe pola ladeira ata aproximadamente a liña marcada pola vía CRG-4.1, por enriba da cal as ladeiras dos montes que delimitan a unidade non teñen un aproveitamento determinado e están cubertas de formacións vexetais costeiras de matogueira. As augas costeiras acollen usos produtivos mediante a recolección de ameixa e berberecho na praia de Domaio, e o cultivo de mexillón nas bateas da ría. Actividades industriais en primeira liña de costa na parte oriental.

#### MORFOLOXÍA

Ámbito historicamente moi poboado, cun modelo de ocupación territorial caracterizado pola dispersión da poboación, cunha concentración dos casaríos sobre a cota aproximada de 75 metros sobre o nivel do mar, punto a partir do cal se abandona a explotación agrícola do solo e pasa a ser substituída por actuacións de reforestación. O rosario de agrupacións que conforman a parroquia de Domaio (Verdeal, A Costa, Palmás, O Calvar) apóiase nos camiños tradicionais e forma socialcos para adaptarse á pendente da ladeira, cos novos crecementos ocupando parcelas anteriormente agrícolas. A tipoloxía predominante é a de vivenda unifamiliar illada, xerando un tecido pouco denso, extensivo e de límites esvaecidos. Aparece nos últimos tempos un nova tendencia ao crecemento lineal ao longo da estrada PO-551, que transcorre paralela á costa e practicamente pegada a ela. No extremo norte realízanse promocións inmobiliarias desconectadas do modelo de edificacións existente.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Ao igual que moitas outras paisaxes de vertentes de pendentes moderadas, a estrutura de mobilidade deste territorio baséase nunha conexión principal pola costa (a estrada PO-551) da que xorden diferentes vías cara ao interior do territorio (das cales a máis importante é a EP-1103) que se completan con unións lonxitudinais, garantindo a conectividade de todo o ámbito. A esta vía orixinal e estruturadora incorporouse o Corredor de Alta Capacidade do Morrazo CRG-4.1 dende a autoestrada AP-9, que percorre a media ladeira o ámbito de leste a oeste, con dous accesos (no extremo oriental xunto á costa e no monte da Fontiña, á altura de Palmás) e que amplía as conexións, a maior escala, do territorio. O porto de Domaio, así como o porto deportivo construído próximo a este, completan as infraestruturas de mobilidade.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O Castro de Montealegre, no extremo oriental da unidade, é a mostra máis importante da cultura castreña, e nel poden atoparse signos dunha romanización das construcións que datan do s.III. Tamén os petróglifos de Fontenla, das Vaqueiras e de Montealegre ou a Pedra do Navio son importantes restos arqueolóxicos. A igrexa de San Pedro de Domaio (de orixe románica, con posteriores modificacións barrocas), o pazo antigo de Montealegre en Verdeal ou a Capela de San Bieito en Palmás son exemplos de patrimonio arquitectónico conservado neste ámbito. Entre os elementos de patrimonio etnográfico pódense destacar numerosas casas (como a Casa da Fábrica de Verdeal), lavadoiros, pontes e muíños (distribuídos ao longo do regueiro de Freixa e de Miño, conformando un importante conxunto etnográfico). Tamén cabe destacar a importancia histórica que tiveron as carpintarías de ribeira, da que hoxe só funciona unha, ao lado do porto.



## O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Unidade que exemplifica o modelo de ocupación do territorio característico do sector da Ría de Vigo nas Rías Baixas. Unha edificación de moi baixa densidade, na que prima a tipoloxía de vivenda unifamiliar illada, que se estende cuns límites difusos por grandes superficies de terreo alternándose con parcelas de cultivo moi disgregadas. Na fronte litoral, ao longo da estrada PO-551, dáse unha maior concentración de edificacións cunha marcada compoñente lineal, na que aparecen tipoloxías de bloque lineal, propias de ámbitos urbanos. Tamén na fronte litoral, especialmente cara ao leste, se concentran as actividades industriais de maior presenza paisaxística. As ladeiras dos Solos de Grixó ao oeste e a Serra Basil ao leste, límites naturais deste territorio, cubertas por vexetación costeira de matogueira nas súas cotas máis altas, acollen usos forestais nas súas partes máis baixas.

## DINÁMICA DA PAISAXE

Paisaxe que acolleu historicamente unha importante actividade antrópica, que se reflicte tanto na existencia de numerosos asentamentos tradicionais como nas construcións agrícolas do territorio, moitos de cuxos muros e socalcos chegaron en uso aos nosos días. Existen, non obstante, modificacións no patrón de asentamento tradicional, como as novas tensións residenciais que se concentran na costa como consecuencia da apertura a mediados do século pasado da estrada PO-551. Tamén a aparición de novos usos vinculados a este novo polo de atracción, sexan estes usos turísticos (construción do porto deportivo de Domaio) ou industriais. A construción da CRG-4.1, de considerable impacto visual na paisaxe, non modificou non obstante en exceso as dinámicas propias do ámbito. Consecuencia de novas maneiras de entender a construción do territorio, sitúanse no extremo norte tipoloxías urbanísticas e de edificacións vinculadas a grandes equipamentos de ocio que introducen texturas paisaxísticas diferenciadas na apreciación do espazo construído.


## RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

A suave e extensa vertente que constitúe esta unidade eríxe en escaparate dun modelo de ocupación territorial e ao tempo en punto de observación da outra beira da ría de Vigo. É hoxe a mostra do proceso evolutivo que experimentou na cal a laboriosa construción tradicional do territorio, mediante socalcos e muros, para a súa explotación agrícola foi acollendo un desenvolvemento residencial consecuencia do aumento do poder adquisitivo das súas xentes en décadas pasadas multiplicándose a intensidade de ocupación do territorio por construcións residenciais, en detrimento dos usos agrarios para os que o solo é especialmente apto nas cotas baixas e medias. A liña de costa, moi construída por recheos e áreas portuarias mantén potenciais nos que apoiar os modelos de crecemento futuros. Os mellores puntos de observación da paisaxe son as elevacións montañosas que delimitan o ámbito, así como a costa oposta da ría. Dende o Castro de Montealegre, cara ao leste da unidade, obtense unha perspectiva moi completa do ámbito. Recordar que dende o mirador de Cotorredonde en el Concello de Vilaboa pódese observar esta unidade.





#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non se contemplan ámbitos de recualificación nesta unidade.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





